

DECRETO DA ALCALDESA

ASUNTO: Membros da Xunta de Goberno.

De conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 65 en relación co 61 da Lei do Parlamento de Galicia 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local; artigo 23, en relación co 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local; e, 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986 (ROF),

RESOLVO:

Primeiro.- Que, a Xunta de Goberno Local, presidida por min, como Alcaldesa, estará integrada por catro concelleiros, número non superior ao tercio do número legal dos mesmos, sendo os que a continuación se indican:

DONA M<sup>a</sup> CRISTINA CID FERNÁNDEZ  
DON BERNARDO VARELA LÓPEZ  
DONA ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ  
DONA MARÍA LÓPEZ RODRÍGUEZ

Segundo.- A Xunta de Goberno Local terá asinadas as seguintes atribucións:

- a) A asistencia á Alcaldesa no exercicio das súas atribucións.
- b) As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega e que a continuación se expresan:
- Tomar razón dos escritos e comunicacións de carácter oficial que en cada caso lle dé conta a Alcaldesa e adoptar os acordos que correspondan.
  - Autorización dos gastos e aprobación das facturas que correspondan ao normal desenvolvemento do Presuposto por importe superior a 18.000 EUROS, e aprobación das certificacións de obras por igual ou superior importe.
  - En materia de contratación, as de importe superior a 18.000 euros que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, contempladas na súa Disposición Adicional Segunda, apartados 1 e 7, atribúe ao Alcalde.
  - Aprobación dos proxectos de obras e de servizos superiores a 18.000 euros cando sexa competente o Alcalde para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Presuposto.
  - A aprobación dos Padróns Fiscais ou listas cobratorias fixando os períodos de cobro en período voluntario.
  - A concesión das licencias de instalación e/ou apertura do establecemento, incluídas as de traspaso e cambio de titularidade.
  - Licencias de apertura ao público de locais ou recintos e a entrada en funcionamento

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ (1 para 2)  
ALCALDESA  
Data de Sinatura: 22/06/2023  
HASH: b4feb07e4e8f865850b00157f482d373



Ángela Quintas Fernández (2 para 2)  
SECRETARÍA-INTERVENTORA  
Data de Sinatura: 22/06/2023  
HASH: 1a38dbaf5ef6c2508ff4c23441f1d89



das instalacións destinadas a espectáculos ou actividades recreativas, así como o seu traspaso ou cambio de titularidade.

- Concesión ou denegación do dereito de vado.
- c) As que lle atribúan as leis.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva o vindeiro día 30 de xuño ás 13,00 horas, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do ROF, e celebrará unha sesión ordinaria ó mes, o segundo martes de cada mes, coa excepción do mes de agosto. Se o día de celebración cadra festivo, trasládase ó seguinte hábil.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicaráse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade o día seguinte ao da presente resolución, conforme indica o artigo 52.4 en relación co 46.1, do ROF.

Mándao e asínoa a Alcaldesa, e de todo isto como Secretaria dou fe.

A Alcaldesa,  
Cristina Cid Fernández

A SECRETARIA  
Ángela Quintas Fernández

**DECRETO**  
Número: 2023-0238  
Data: 22/06/2023

Cod. Validación: 6013A9G3FX2KSSMJTFMCOYF6  
Corrección: <https://allariz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

